

## 06: TELEVISIÓN

### A innovación na televisión en Galicia: da orixe analóxica á intelixencia artificial

**ANA ISABEL RODRÍGUEZ VÁZQUEZ**

Universidade de Santiago de Compostela

**ANA ZAS LÓPEZ**

Universidade de Santiago de Compostela

#### INTRODUCCIÓN: POR QUE FALAR DE INNOVACIÓN NA TELEVISIÓN EN GALICIA

A televisión, como medio, vive en permanente tensión entre tradición e novidade. Hoxe, o seu rol no contexto da dixitalización discútese e redefínese. Antes da expansión de Internet era frecuente considerar a televisión como o grande medio actual de comunicación, o medio rei, o electrodoméstico imprescindible cuxa transmisión conxunta de palabra, imaxe e son desafía barreiras territoriais, culturais e tamén ideolóxicas e sociais (Audiovisual Galego, 2003, p. 116). No caso de Galicia, esa afirmación cobra unha dimensión adicional: a televisión non só informa e entretén, senón que actúa como instrumento de cohesión cultural e de dinamización do galego.

No actual contexto marcado pola dixitalización, a converxencia e a evolución das formas de consumo, os medios de comunicación, entre os que as televisións deben ocupar un lugar destacado, tratan de adaptarse. Unha revolución dixital que está a cambiar un mundo dificilmente imaxinable para os promotores da televisión en Galicia e os que foron pioneiros dunhas emisións analóxicas que debían sortear a complicada orografía para conseguir o máis básico: que o sinal de televisión puidese chegar a todo o país.

Cando o 1 de setembro de 1961 se inaugurou o centro emisor do Pedroso en Santiago, era impensable que cincuenta anos despois os televisores, que moi poucas persoas podían mercar daquela, terían nos teléfonos intelixentes, nos ordenadores, as tabletas ou as consolas de videoxogos unha dura competencia que obrigaría a atender múltiples xanelas na complexidade da converxencia.

*O centro emisor do Pedroso,  
en Santiago, inaugurouse o 1  
de setembro de 1961*

Reflexionar a través dunha serie de eixos temáticos sobre como foi esta evolución e o que pode acontecer no futuro máis inmediato, permitíranos comprender mellor como os cambios técnicos, normativos, económicos e sociais foron transformando a oferta, as necesidades da audiencia e o papel do servizo público desde os anos sesenta ata a actualidade.

A intención é conectar fitos concretos desde os primeiros sinais do centro rexional de RTVE-Galicia, pasando polo fundación da TVG en 1985, as televisións locais, a chegada da competencia privada, a expansión da televisión dixital e por satélite, ata o presente contexto dominado polas OTT, a fragmentación das audiencias e o

despregamento da intelixencia artificial. O obxectivo é reflexionar sobre como a innovación actúa como motor en cada etapa, e como pode seguir reforzando o valor social da televisión en Galicia no horizonte 2030.

## **PRIMEIROS PASOS: AS RAÍCES DA MODERNIDADE (1961-1984)**

A chegada do primeiro centro emisor en Monte Pedroso supuxo o acceso estable ao sinal televisivo estatal para a poboación galega. A tecnoloxía ampliaba horizontes, pero o marco informativo seguía centralizado: o monopolio de TVE condicionaba contidos e linguaxe. A década seguinte axustaría eses límites coa instalación da primeira delegación de TVE en Santiago (25 de xullo de 1971) e coa posta en antena —o 16 de agosto de 1974— do *Panorama de Galicia*, o primeiro informativo regular dirixido por Luis Mariñas e producido “en Galicia e para Galicia” (Ledo-Andión, 2021; López, 2005). A década dos anos 70 do século XX remataría co traslado da sede de RTVE-Galicia ao Pazo de Raxoi, coincidindo coa chegada da cor e coa expansión da rede de reemisores, consolidándose a entrada da lingua galega na televisión.

Naqueles primeiros anos, a innovación non era só tecnolóxica: era tamén institucional. O espazo de TVE en Galicia foi pioneiro por transformar centros que antes só achegaban noticias para o informativo estatal en produtores de contido propio, creando así as primeiras representacións televisivas da sociedade galega. As limitacións técnicas —cine en formatos separados de son e imaxe; montaxe artesanal con tesoiras e cinta adhesiva; emisión en branco e negro— non impediron que a experiencia servise para consolidar a idea de que a televisión podía (e debía) reflectir a lingua e os temas de proximidade.

***A creación de Televisión de Galicia en 1984 supuxo un fito na normalización lingüística e a cohesión social***

En 1984 ábrese unha nova dimensión á innovación audiovisual coa creación da Televisión de Galicia (TVG), que significou unha aposta institucional decidida pola normalización lingüística e pola proximidade, así como a ruptura do monopolio informativo de TVE (Maneiro, 1989). A *Lei de creación da Compañía de Radio Televisión de Galicia* (aprobada polo Parlamento galego en xullo de 1984) fixou como obxectivo explícito contribuír á normalización lingüística e á cohesión social e xeográfica do país.

## **A LINGUA E A IDENTIDADE NA BASE DA INNOVACIÓN SOCIAL NO AUDIOVISUAL (DESDE 1985)**

As dúas televisións públicas de referencia no territorio galego fixeron do uso lingüístico un motor de innovación no tecido audiovisual de Galicia: o Centro Territorial de RTVE foi pioneiro no ano 1974 ao abrir camiño como primeira fiestra das emisións televisivas en lingua galega. Unha década despois, a TVG iniciou emisións -o 24 de xullo de 1985- e a súa programación regular arrincaba con 39 horas semanais integramente en galego, o que implicou un paso adiante na dinamización lingüística.

***A TVG impulsou informativos, ficcións, entretemento e programas infantís en lingua galega***

A elección do galego como lingua vehicular pola TVG non foi só unha opción programática, senón unha política pública para reforzar identidades. A programación plural —integrada por informativos, ficcións, entretemento, contidos infantís e programas culturais— consolidou a canle como referencia da vida colectiva. O impacto na alfabetización mediática en galego e na visibilidade social da lingua foi e segue a ser central para o modelo de servizo público rexional (López-García et al., 2016).

Os primeiros anos da TVG estiveron marcados por innovacións técnicas e narrativas: pasouse do cine ao vídeo en cinta magnética, do *U-Matic* ao *Betacam*, e a oferta televisiva diversificouse con programas de ficción, concursos e informativos de proximidade. A lingua galega converteuse no eixo central da programación, consolidando a televisión como motor de normalización cultural. O resultado práctico desta innovación cultural foi tamén industrial: a TVG consolidouse nunha plataforma que dinamizou a produción local, apoiando proxectos de ficción e financiamento de películas e creando canles para que profesionais e empresas galegas desenvolvesen contidos con identidade propia.

### ***Galicia sumaba 41 emisoras de televisión en 2003, das cales 36 eran locais***

Ao mesmo tempo, xurdiron as primeiras televisións locais, auténticos laboratorios sociais que, malia os escasos recursos, ofrecían contidos enraizados nas comunidades de referencia das súas coberturas. Estas experiencias pioneiras abriron o camiño para un modelo de proximidade que forma parte do modelo identitario galego, coa lingua propia como signo básico (López-García, Soengas-Pérez e Rodríguez-Vázquez, 2016).

## **EXPANSIÓN DO ECOSISTEMA AUDIOVISUAL GALEGO: NOVOS ACTORES (1991-1999)**

A liberalización do mercado audiovisual e a chegada das cadeas privadas a España mudaron o panorama nesta década que empezou co traslado do centro territorial RTVE-Galicia á súa nova sede de San Marcos, ao carón das instalacións da TVG. Nos anos noventa, a pluralidade de oferta —Antena 3, Telecinco, Canal+— xerou competencia e abríronse as portas á proliferación de canles locais e autonómicas. En Galicia esas dinámicas combinaron a presenza consolidada da TVG co desenvolvemento de emisoras locais de iniciativa privada ou a través de corporacións municipais: Televisión de Lugo, S.A., La Región TV, Localia Santiago, ou emisoras municipais como Quiroga ou Ponteareas.

A desregulación trouxo consecuencias complexas: máis oferta e pluralidade, pero tamén fragmentación de audiencias, presión sobre os recursos publicitarios e dificultades para o financiamento da televisión pública (Vázquez-Torrón, 2003, p. 118). En 2003 Galicia contaba con 41 emisoras (36 locais), xerando emprego e actividade económica, pero tamén revelando a precariedade estrutural de boa parte dese ecosistema local (Vázquez-Torrón, 2003).

Os anos noventa revestíronse dunha notable carga tecnolóxica. O Centro Territorial de TVE en Galicia modernizou instalacións con dous estudos na nova sede de San Marcos e incorporou formatos como Betacam SP/SX. A TVG, pola súa banda, liderou iniciativas pioneiras: primeira emisión regular vía satélite co programa Galeguidade (29 de decembro de 1994), introdución do teletexto en galego, o sistema Pal Plus (16:9), a conexión por fibra óptica

(25 de novembro de 1994), NICAM-Dual-Estéreo (inicios de 1995), as primeiras incursións na Internet (1995), emisións regulares internacionais polo satélite Hispasat (1996–1997, TVG Galicia América/Europa), e o preeminente fito da emisión de televisión en tempo real por internet o 17 de maio de 1997 (Día das Letras Galegas), cando a TVG foi a primeira televisión de Europa e a sétima do mundo en ofrecer streaming en tempo real. Eses avances non foron anecdóticos: cambiaron os modos de distribución, ampliaron o público e abriron canles para chegar á diáspora.

Este espírito innovador coincidiu co lanzamento de series como *Mareas Vivas* ou *Pratos Combinados*, que acadaron récords de audiencia e se converteron en referentes culturais. Todo isto consolidou o papel da TVG como dinamizadora do tecido audiovisual mediante coproducións e concursos públicos de proxectos. No campo do entretemento continuou a colaboración público privada con produtoras que naceron ao mesmo tempo (CTV), estudos de dobraxe, cooperación coas empresas xornalísticas provinciais (LVG, LR, EP, Faro) e a aposta estratéxica polos contidos infantís e xuvenís en galego, simbolicamente representados no Xabarín Club, que afiliou a toda unha xeración de nenos e rapaces de Galicia.

### **En 1999 aprobouse a Lei do Audiovisual de Galicia, que declarou o sector estratéxico**

Paralelamente, xurdiron iniciativas que aproximaron Galicia ao exterior: *Atlas Galicia* comezou a fornecer desconexións para Tele 5 en 1998; e prodúcense experiencias de internacionalización empresarial e de coprodución que marcarían os anos seguintes. Ao mesmo tempo, a televisión por cable (operador R) e as plataformas de emisión por satélite levaron a oferta galega a novos contextos e a novas

audiencias aumentando a complexidade do mercado e obrigando a adaptación da produción e distribución de contidos. A década remata coa *Lei do Audiovisual de Galicia* de 1999 que declarou o sector estratéxico e estableceu instrumentos normativos para a súa protección (BOE-A-1999-19687).

### **A INMERSIÓN DA TELEVISIÓN NO SÉCULO XXI: DO APAGÓN ANALÓXICO ÁS OTT**

Nos inicios do XXI, a televisión analóxica conservaba a súa fortaleza como principal soporte de consumo de medios pola cidadanía, mentres xa se abrían as portas dun destino sen retorno: a dixitalización. O apagamento analóxico e implantación da TDT coincide coa socialización da televisión que atopa nas redes sociais un novo altofalante con luces e sombras no seu devir futuro. Ademais, a televisión vai sufrir un dos principais cambios da súa historia co desembarco das OTT: Netflix, Movistar+, Prime Video, AppleTV, HBO ou Filmin entran con forza movendo os marcos dos hábitos de consumo.

### **O inicio do milenio trouxo consigo a irrupción das plataformas OTT e novos hábitos de consumo**

A audiencia demanda cada vez máis os contidos á carta e a televisión lineal afronta unha progresiva perda de espectadores, especialmente as persoas máis novas. O apagamento analóxico do 3 de abril de 2010 foi un fito decisivo: a implantación da TDT abriu capacidades pero tamén transformou non só a técnica, senón tamén o modelo de negocio e a relación coa audiencia. En Galicia, a transición foi lenta: só o 41,4% dos fogares tiña equipamento en 2009, fronte ao 47,3% da media estatal (Soengas-Pérez et al., 2009). Ademais, a crise económica de 2008 dificultou a adaptación tecnolóxica e supuxo recortes orzamentarios nos

medios públicos (Rodríguez-Vázquez, 2012; Rodríguez-Vázquez, Fernández-Lombao e Silva-Rodríguez, 2015).

### **A dixitalización de TVE en Galicia foi en 2009, ano no que lanzou o servizo 'Á Carta'**

Unha crise que afecta ao financiamento das televisións públicas de referencia en Galicia que, con todo, seguen innovando. TVE en Galicia dixitalizou a súa redacción en 2009 e, desde esa data, no servizo 'Á carta' publícanse todos os informativos e a programación elaborada no Centro Territorial trala súa emisión para o consumo en diferido. A innovación déixase sentir tamén con forza na TVG nos primeiros anos do século XXI: en 2002 implántanse os sistemas dixitais nos informativos; comezan as emisións de Radio Galega Música a través de Internet (2004), estréase [www.agalega.info](http://www.agalega.info) para acceder ás noticias dos informativos da TVG e da RG (2007) e lánzase a G2 como segunda canle temática (2009).

Pero o verdadeiro salto ao mundo dixital iníciase co apagamento analóxico en 2010, o que afecta de cheo ás dúas televisións públicas. Nese ano, o Centro Territorial de TVE en Galicia acometeu as obras para poder iniciar oficialmente as emisións en dixital o 17 de outubro de 2011 (*Memoria anual RTVE 2011*, p. 66), o que tamén implica a desaparición das cintas nos equipos de cámaras ENG que pasan a gravar en tarxetas dixitais.

Na TVG instálanse as primeiras *webcams* e proxectos interactivos (2000) e medra a presenza da oferta en liña (máis de 100 millóns de visitantes á web da CRTVG en 2000). Reforzando a estratexia de difusión multiplataforma dos contidos de ficción seriada, en 2013ponse en marcha *EnSerie.gal*, un arquivo dixital de ficción galega.

Ademais, producións como *Libro de familia*, *Padre Casares* ou *Matalobos* consolidaron a súa posición no mercado da ficción autonómica, e emítese o primeiro informativo cultural: *ZigZag Diario*. Innovacións que sitúan á corporación pública galega na vangarda da transición tecnolóxica a nivel español e mesmo europeo.

Neste contexto, o sector da televisión local tamén sufriu as consecuencias da transición e da competencia e vive unha crise importante: moitas emisoras non puideron afrontar os custos da dixitalización, as esixencias de contido e o descenso de ingresos publicitarios, polo que se produciu un proceso de reconversión e desaparición en varias localidades. Moitos deses espazos de proximidade foron posteriormente ocupados por axentes dixitais nativos e por iniciativas en redes sociais.

### **No ámbito privado galego, xorden as televisións Popular TV en 2009 e V Televisión en 2010**

Algunhas das experiencias que permanecen son Nós Televisión e Canal 7 Rías Baixas, que apostaron polo galego e pola proximidade como sinais de identidade. Neste período xorden tamén dúas televisións privadas de cobertura autonómica: Popular TV Galicia, propiedade da Cadena COPE (2009-2013) e V Televisión, do grupo La Voz de Galicia (2010-2018). O seu peche simbolizou as dificultades das iniciativas privadas autonómicas nun mercado tan competitivo. Os proxectos de expansión das TV privadas Antena 3 e Telecinco tamén sofren un retroceso.

Máis adiante no tempo, a irrupción das plataformas OTT e a masificación do consumo en dispositivos móbiles trouxeron unha mudanza radical nos hábitos das audiencias. A TVG e a CRTVG responderon con proxectos dixitais e

estratexias multiplataforma: redacción dixital (2019), emisións en HD (2019), apertura de canles e servizos en YouTube e Twitch (2021), a web G24.gal como portal de información 24/7, #DigochoEu como proxecto viral de promoción do galego, emisións en Twitch e YouTube, ou as novas plataformas OTT lanzadas en 2024 (agalega.gal, agalagaaudio.gal e xabarin.gal).

En 2025 créase a Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia (CSAG), que substitúe á CRTVG ampliando a súa misión como plataforma de servizos audiovisuais dixitais (BOE-A-2025-6193). A CSAG (2025a, 2025b, 2025c) articula esta transformación normativa e operativa mentres permanece como locomotora dun sector audiovisual galego dinámico. 40 anos despois da creación da TVG, e 25 do primeiro Plan de Cine, Tv-movies e Programas, mantense esta liña de acción coa participación da TVG nalgúns dos éxitos cinematográficos máis recentes como os filmes de Oliver Laxe (*O que arde*), películas de impacto social (*Matria* e *Os luns ao sol*), e comedias de éxito (*Cuñados*).

A TVG tamén mantén o apoio ás series de ficción galegas e incentiva coproducións coa RTP portuguesa (*Vidago Palace*). O programa de axudas ao audiovisual suma en 2025 nove convocatorias cun investimento de máis de 6,8M€ (26/06/2025, Xunta de Galicia). RTVE apoia desde a centralidade da *Lei do Audiovisual* de 2022 proxectos de ficción en galego que, como o filme *As bestas*, resultaron un éxito de público e crítica.

## A CREATIVIDADE COMO FACTOR DE INNOVACIÓN: NARRATIVAS, FORMATOS E MÉTRICAS

A evolución técnica foi acompañada por innovacións en formatos e narrativas. A TVG desenvolveu unha forte liña de ficción que incluíu desde comedias populares ata series de máis alta factura e coproducións internacionais. Programas e series emblemáticas como Luar

—máis de 1.000 emisións en 2015—, *Libro de Familia*, *Padre Casares*, *Matalobos* ou *Serramoura*— amosan a capacidade creativa da televisión galega para conciliar interese local e proxección exterior.

## A experimentación incluíu realities, slow TV, formatos transmedia e plataformas de arquivo

A innovación narrativa tamén pasou pola experimentación: *realities* locais (*A Casa de 1906*), *slow TV* (*Destino Santiago*, 2017), formatos transmedia como *#DigochoEu* e plataformas de arquivo e recuperación que afectan ao redeseño de *EnSerie.gal* e á posta en marcha de *Pasouoquepasou.crtvg*.

E todo isto cun claro obxectivo: conectar coa cidadanía galega. Pero as cifras de audiencia amosan a tensión entre o poder de convocatoria da televisión e a fragmentación. Hai 25 anos, o perfil medio do espectador da TVG describíase como o dunha muller maior de 64 anos, de clase baixa ou medio-baixa e residente nunha localidade de menos de 10.000 habitantes.

Hoxe, a audiencia potencial galega é máis diversa: os máis novos consumen contidos en redes sociais, *YouTube* e plataformas OTT; os públicos adultos combinan consumo lineal e en diferido; a diáspora divídese entre as canles internacionais e o *streaming*; e as comunidades de fans orbitan arredor de series e formatos transmedia. Exemplos coma *O sabor das margaridas* (primeira serie en galego en Netflix, 2019) ou *Operación Marea Negra* (Amazon Prime, 2022) demostran o potencial da ficción galega no mercado global.

Así mesmo, iniciativas coma o Coruña Estudo Inmersivo (CEI), inaugurado en 2025, proxectan a Galicia na vangarda tecnolóxica coa produción virtual e escenarios inmersivos.

Neste contexto, é correcto falar dunha forte crise na televisión? Atendendo ás métricas tradicionais baseadas na audimetría, as cifras din que no ámbito español os “espectadores únicos” do conxunto da televisión tradicional e híbrida en 2024 ascenderon a 46,5 millóns (Barlovento, 2025), cun consumo tradicional por telespectador (lineal máis diferido) próximo ás cinco horas diarias.

O consumo híbrido e converxente (en receptores con conexión a internet) acadou un 94,8% (Barlovento, 2025). En Galicia, con todo, a penetración da televisión en 2025 caeu ao 75,5% e a TVG tamén perdeu 2,4 puntos de cota entre 2023 e 2024 (Avante Medios, 2025; Barlovento, 2025). As cifras subliñan que a innovación dixital non é só tecnolóxica: supón tamén repensar métricas, modelos de distribución, medición de audiencias e propostas de valor que incorporen interacción, personalización e presenza nas plataformas onde están as novas xeracións.

A innovación debe, por tanto, orientarse a reconstruír vínculos comunitarios: non se trata só de ofrecer máis contido en máis plataformas, senón de deseñar experiencias que reforcen a lingua, a participación cidadá e a alfabetización dixital. A TV pública pode liderar esa tarefa mediante programas de educación mediática, contidos participativos, e modelos de accesibilidade e personalización que sitúen á audiencia no epicentro.

## **A INNOVACIÓN NO NOVO CONTRATO SOCIAL DO SERVIZO PÚBLICO: COMUNIDADE, INCLUSIÓN, ALFABETIZACIÓN, ACCESIBILIDADE E INTELIXENCIA ARTIFICIAL**

A innovación televisiva non pode entenderse só en termos técnicos: está altamente vinculada

á creación de comunidades. O modelo de servizo público debe evolucionar cara a plataformas de servizos audiovisuais públicos (PSM), capaces de integrar interacción, creatividade e diversidade (López-Golán, Rodríguez-Castro e Campos-Freire, 2019). A lingua galega continúa a ser o eixo central: marcas como *#DígochoEu*, *EnSerie.gal* ou *Xabarín.gal* son unha oportunidade, entendendo que a innovación pode reforzar a conexión cultural e educativa coa cidadanía. Estas estratexias non só diversifican a oferta senón que permiten activar comunidades de fans e audiencias especializadas, reforzando lazos de proximidade e identidade.

### ***A nova lei de medios públicos de Galicia prioriza a innovación dixital e o uso responsable da IA***

A nova *Lei 1/2025, de 14 de marzo, de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital* (BOE-A-2025-6193) institucionaliza este tipo de proxectos ao situar a innovación dixital e a introdución responsable da IA entre os principios da corporación pública galega. A innovación, así, convértese nun compromiso público para mellorar a calidade, a transparencia e a inclusión. Por iso, un dos vectores contemporáneos da innovación pública é a accesibilidade.

A intelixencia artificial será determinante: en 2024 a TVG xa introduciu sistemas de subtítulado automático en galego mediante modelos de IA, incrementando a accesibilidade e a inclusión aos informativos en tempo real a persoas con dificultades auditivas e para estender o uso da lingua galega nos procesos dixitais CSAG, 2025b, p. 181).

O protocolo *Newfor* e a integración con ferramentas de subtítulo en redes sociais (*Kapwing*) son exemplos de como a IA se está a integrar en procesos de servizo público. Ademais, a posta en común de arquivo audiovisual e a promoción de corpus en galego para adestramento de modelos tamén mostran unha aposta estratéxica: garantir que as tecnoloxías lingüísticas recoñezan e poidan traballar co galego, evitando a marxinación do idioma na era das plataformas.

## HORIZONTE 2030: UNHA TELEVISIÓN GALEGA SOSTIBLE E INNOVADORA

O futuro da televisión en Galicia pasa por integrar innovación e servizo público. O reto é, como lembran Fernández-Lombao, López-Golán e Moreno-Gil (2025), que a IA se incorpore ao servizo público garantindo diversidade, creatividade e interese social. Na era da intelixencia artificial, as televisións públicas deben reforzar os seus valores tradicionais -servizo público, pluralismo, calidade e proximidade- á vez que integra criterios novos vinculados á transparencia tecnolóxica e á participación cidadá. As televisións públicas e o sector audiovisual galego deben percorrer un camiño e marcar novas estratexias para o tránsito. Algunhas ideas sobre os itinerarios a percorrer poderían ser:

- **Innovación responsable:** emprego da IA para mellorar a personalización e a accesibilidade aos contidos adaptados a cada espectador sen sacrificar a pluralidade e repectando a privacidade e os dereitos da audiencia.
- **Aplicación ética da IA:** transmitir confianza e transparencia aos usuarios producindo contidos contrastados e fiables fronte á desinformación amplificada polos algoritmos. Xornalismo humano baseado na verificación, informando con claridade cando se empreguen sistemas automáticos de recomendación ou xeración de contidos.

- **Comunidades dixitais activas e participación cidadá:** audiencias que xa non son pasivas, senón que interactúan e cocrean e coas que é necesario dialogar e establecer novas relacións. Incorporación de mecanismos interactivos que permitan á audiencia implicarse na programación e no control social da canle, favorecendo espazos de diálogo e de coprodución de contidos.
- **Accesibilidade e inclusión:** IA moldeada polo servizo público para garantir que os contidos cheguen a toda a cidadanía, sen barreiras tecnolóxicas nin sociais. A integración de algoritmos en subtítulo, documentación, edición, voz sintética e recomendación debe estar guiada por principios de diversidade, transparencia e valor público (Fernández-Lombao et al., 2025).
- **Medición e monetización intelixentes:** evolución dos *Data Hubs* e ferramentas de análise para coñecer audiencias en múltiples soportes e adaptar a oferta sen perder os principios de servizo público.
- **Narrativas inmersivas e experiencias e pluralidade de formatos:** desde a televisión lineal ata experiencias inmersivas en 360° ou realidade aumentada apuntan a novos formatos capaces de combinar produción local e proxección internacional. Reforzo da ficción galega global: coproducións internacionais en galego que circulen por OTT.
- **Sustentabilidade e compromiso social:** enfoque de plataforma pública de servizos, evitando a simple lóxica comercial: a transformación da CRTVG en CSAG define unha posición estratéxica —non só emisora de canles, senón provedor de servizos audiovisuais multicarle con alcance global (BOE-A-2025-6193; CSAG, 2025c). Integrar a axenda social e ambiental na programación, e converterse nun espello das preocupacións e dos desafíos da cidadanía do territorio. Voz ás comunidades do territorio.

- **Compromiso coa lingua galega e coa inclusión:** a lingua debe estar presente en todas as innovacións para garantir o seu futuro, e debe garantirse á accesibilidade a través do subtítulado automático, traducións e interfaces en galego que permitirán consolidar a presenza da lingua nas novas plataformas. Visibilizar a realidade local voz ás comunidades do territorio.

A estratexia non pode ser só tecnocrática: a innovación debe comprenderse como instrumento para cumprir a misión social da televisión pública: educar, informar, entreter, protexer o xornalismo de servizo e defender a diversidade lingüística e cultural (López-Golán et al., 2019). A historia da televisión en Galicia é unha historia de innovación permanente e cada etapa estivo marcada por avances tecnolóxicos e novos modelos de relación coa audiencia. O medio evolucionou grazas á combinación de avances técnicos, políticas públicas, creatividade e compromisos sociais. A innovación non foi un fin en si mesmo, senón a ferramenta que permitiu que o servizo público galego mantivese a súa función de proximidade, dinamización lingüística, e conexión coa sociedade.

Ante a fragmentación das audiencias e da crise da televisión lineal, o desafío é reinventarse sen perder esa esencia. A innovación segue a ser o fío condutor: unha ferramenta para construír comunidades, proxectar a identidade galega no mundo e garantir que a lingua propia sexa protagonista no escenario audiovisual global. O reto para a década que vén é grande: rearmar modelos de financiamento e medición, recuperar xeracións máis novas e aproveitar as capacidades da IA e das narrativas inmersivas sen renunciar á pluralidade, á inclusión e á transparencia. A televisión galega pode e debe liderar esa transformación, colocando a innovación ao servizo dun proxecto cultural e democrático para Galicia.

Os desafíos actuais esixen valentía e visión, pero tamén ofrecen a oportunidade de consolidar un modelo audiovisual galego baseado na proximidade, a confianza, a pluralidade e a inclusión. Se se encaixa nesa perspectiva, a innovación permitirá que a televisión galega manteña un papel central na vida colectiva no horizonte 2030.

## \*\*\*\*\* REFERENCIAS

- Avante Medios. (2025). *EGM Galicia. 2.ª Ola 2025*.  
<https://avantemedios.com/informamos/egm-galicia-2a-ola-2025/>
- Barlovento Comunicación. (2025). *Análisis de la industria televisiva-audiovisual 2024*.  
<https://barloventocomunicacion.es/audiencias-anuales/informe-de-la-industria-televisiva-2024/>
- Boletín Oficial del Estado (BOE). (1999). *Lei 6/1999, de 1 de setembro, do Audiovisual de Galicia* (BOE-A-1999-19687).  
<https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-1999-19687>
- Boletín Oficial del Estado (BOE). (2025). *Lei 1/2025, de 14 de marzo, de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital* (BOE-A-2025-6193).  
[https://www.boe.es/diario\\_boe/txt.php?id=BOE-A-2025-6193](https://www.boe.es/diario_boe/txt.php?id=BOE-A-2025-6193)
- CSAG. (2025a). *A nosa historia a través do tempo*.  
<https://crtvg.gal/historia>
- CSAG. (2025b). *Memoria de servizo público 2024*.  
<https://www.crtvg.gal/gl/crtvg/portal-de-transparencia/actividade-corporativa/rendibilidade-social/memoria-de-servizo-p%C3%BAblico>
- CSAG. (2025c). *PAIF 2025. Memoria dos orzamentos 2025 e programa de actuacións, investimentos e financiamento*.  
<https://www.crtvg.es/documents/d/crtvg/paif-2025-pdf>

- Fernández-Lombao, T., López-Golán, M., & Moreno-Gil, V. (2025). Innovación digital e inteligencia artificial: La nueva televisión pública regional europea. En C. Feiras-Ceide, M. Túñez-López & I. Maroto-González (Eds.), *Bots, trols y PSM. Cómo la IA va a cambiar los medios públicos. Comunicación Social Ediciones y Publicaciones*. <https://doi.org/10.52495/c4.emcs.40.p116>
- Ledo-Andión, M. (2021). *15 anos de televisión. Estudos de Comunicación*. Consello da Cultura Galega.
- López-García, X., & Aneiros, R. (Coords.). (2015). *A comunicación en Galicia 2015*. Consello da Cultura Galega. <https://consellodacultura.gal/publicacion.php?id=4118>
- López-García, X., Soengas-Pérez, X., & Rodríguez-Vázquez, A.-I. (2016). La televisión de proximidad como eje de la oferta audiovisual cercana: El papel de TVG en Galicia. *adComunica*, 11, 61–73. <https://doi.org/10.6035/2174-0992.2016.11.5>
- López-Golán, M., Rodríguez-Castro, M., & Campos-Freire, F. (2019). La innovación de las radiotelevisiónes públicas europeas en la comunicación digital y las comunidades de usuarios. *Cuadernos.info*, 45, 241–255. <https://doi.org/10.7764/cdi.45.1350>
- Maneiro, A. (1989). *Funcións da TV autonómica galega e do Centro Rexional de TVE en Galicia: Investigación sobre a razón de ser de dúas ofertas públicas de TV nunha comunidade autónoma*. Consellería de Presidencia e Administración Pública.
- RTVE. (2012). *Memoria anual RTVE 2011*. [https://www.rtve.es/contenidos/corporacion/MEMORIA\\_SERVICIO\\_PUBLICO\\_2011.pdf](https://www.rtve.es/contenidos/corporacion/MEMORIA_SERVICIO_PUBLICO_2011.pdf)
- Rodríguez-Vázquez, A.-I. (2012). Debates abiertos en torno aos medios públicos audiovisuais galegos: ¿Xustificar o inxustificable? En M. Ledo-Andión & M. Salgueiro (Eds.), *Anuário Internacional de Comunicaçao Lusófona 2012. Medios públicos e espazo lusófono* (pp. 35–42). LUSOCOM e AGACOM.
- Rodríguez-Vázquez, A.-I., Silva-Rodríguez, A., & Fernández-Lombao, T. (2015). El impacto de la crisis económica en la CRTVG (2008–2014). En J.-J. Marzal Felici (Coord.), *Las televisiones públicas autonómicas del siglo XXI: Nuevos escenarios tras el cierre de RTW* (pp. 87–106). Universitat Autònoma de Barcelona; Universitat Jaume I; Universitat de València. ISBN: 9788415444916.
- RTVE. (2020, 1 de outubro). *Los informativos territoriales de TVE, cada día en directo en la web de RTVE*. <https://www.rtve.es/rtve/20201001/informativos-territoriales-tve-cada-dia-directo-web-rtve/2043453.shtml>
- Soengas-Pérez, X., Rodríguez-Vázquez, A.-I., Chillón-Álvarez, A., & Salgueiro-Santiso, M. (2009, 16–19 de abril). *A dixitalización das emisións da TVG: A televisión pública ante a TDT e a sociedade da información* [Comunicación presentada no XI Congreso IBERCOM: Travesías comunicacionales, Madeira, Portugal].
- Vázquez Torrón, S. (Coord.). (2003). *Audiovisual galego 2003*. Centro Galego de Artes da Imaxe. <https://filmotecadegalicia.xunta.gal/es/publicacions/audiovisual-galego-2003>
- Xunta de Galicia. (2025, 26 de xuño). *O programa de axudas ao audiovisual galego suma en 2025 nove convocatorias cun investimento de máis de 6,8 millóns de euros*. <https://industriasculturais.xunta.gal/gl/actualidade/o-programa-de-axudas-ao-audiovisual-galego-suma-en-2025-nove-convocatorias-cun>

## ANA ISABEL RODRÍGUEZ VÁZQUEZ



Licenciada en Ciencias da Información pola Universidad Complutense de Madrid (UCM) e Doutora en Xornalismo pola Universidade de Santiago de Compostela (USC). É profesora titular (TU) na Facultade de Ciencias da Comunicación onde ocupou varios cargos de xestión. Integrante do *grupo de Estudos Audiovisuais* (GEA), colabora en proxectos de investigación do grupo *Novos Medios*. As liñas de traballo son: investigación de audiencias, estratexias dos medios para conectar co público, xéneros informativos en TV, creación e produción de formatos TV, e novos perfís profesionais.

Email: [anaisabel.rodriguez.vazquez@usc.es](mailto:anaisabel.rodriguez.vazquez@usc.es)

## ANA ZAS LÓPEZ



Licenciada en Ciencias da Información pola Universidad Complutense de Madrid (UCM). Xornalista no Centro Territorial de RTVE en Galicia dende hai máis de dúas décadas. Dende 2011 é a presentadora dos Telexornais. Desempeñou ademais funcións de editora entre 2014 e 2018. Investigadora predoutoral na Facultade de Comunicación da USC. Integrante do equipo de traballo do proxecto de investigación VALCOMM. As súas liñas de investigación son a historia da televisión e a innovación nos medios audiovisuais públicos.

Email: [ana.zas@rai.usc.es](mailto:ana.zas@rai.usc.es)